

MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ORDINARIA celebrada o vinte e tres de abril de dous mil catorce, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

9/287 CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COCIÑA PARA A ESCOLA INFANTIL “SERRA DE OUTES” DO CONCELLO DE LUGO - 2014. APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 14 de febreiro de 2014 que, na súa parte positiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

- I.- Informe da Técnica municipal de Educación relativo á necesidade da contratación do así como prego de condicións técnicas que rexerá a contratación de data 29 de outubro de 2013
- II.- Informe do Departamento municipal de Planificación e Control de Concesións sobre fixación do custo máximo para este servizo do 28 de outubro de 2013
- III.- Informe de Tesourería do 12 de novembro de 2013 de retención de créditos de exercicios posteriores (RC FUT 80638)
- IV.- Prego de cláusulas administrativas que rexerán a contratación do servizo de referencia xunto co informe proposta correspondente, elaborado polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento en data 14 de novembro de 2013
- V.- Informe da Asesoría Xurídica de data 20 de novembro de 2013
- VI.- Informe da Técnica de Educación do 28 de novembro de 2013 no que se concretan os criterios de adxudicación e que motivan a modificación do prego de cláusulas administrativas redactadas polo Servizo de Contratación.
- VII.- Novo prego de cláusulas administrativas que rexerán a contratación do servizo de referencia e correspondente informe proposta elaborado polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento en data 9 de decembro de 2013
- VIII.- Informe da Asesoría Xurídica do 18 de decembro de 2013
- IX.- Informe de consignación orzamentaria do 2 de xaneiro de 2014 (RC 1310) por importe de 52.842,12 euros con cargo á aplicación 32101.22799 do Orzamento Municipal do exercicio 2014
- X.- Lei 27/2013, do 27 de decembro de 2013, de racionalización e sostibilidade da Administración local.
- XI.- Informe da Técnica municipal de Educación e mais a Concelleira de Educación do 30 de xaneiro de 2014 sobre a consideración da xestión das escolas infantís municipais 0-3 anos como un servizo comunitario específico dentro dos servizos sociais que permitiría aplicar o réxime transitorio previsto na Lei 27/2013.

Código Seguro de verificación:XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo		FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura			
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA	1/29



XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==

XII.- Novo prego de prescrición técnicas do 12 de febreiro de 2014 modificando a duración do contrato.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. Este contrato pode ser cualificado como un contrato de servizos, que segundo o artigo 10 do TRLCSP serían aqueles 'cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou dunha subministración'. O presente contrato ten por obxecto a contratación dun servizo de cociña para a Escola Municipal 'Serra de Outes' do Concello de Lugo

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto nos artigos 131 do TRLCSP e 67.6 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o aberto, previsto e regulado polos artigos 138, 169 e seguintes do TRLCSP. Os criterios de adxudicación recollidos na cláusula décimo segunda do prego respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos pola Lei xa que son integramente matemáticos.

Terceiro.- En data 9 de decembro de 2013 foron redactados os pregos de cláusulas administrativas para a contratación deste servizo así como o correspondente informe proposta que, entre outros, propoñía a tramitación anticipada de gasto de conformidade co artigo 110.2 do TRLCSP sendo así que a habilitación do crédito quedaba condicionada á efectividade do compromiso de habilitación orzamentaria para o ano 2014.

O expediente de contratación non foi aprobado no exercicio 2013 polo que chegado o exercicio 2014 xa non existe empecemento en consignar orzamentariamente con cargo ó Orzamento Municipal de 2014 o crédito necesario para facer fronte a este contrato non sendo necesario realizar tramitación anticipada de gasto.

Código Seguro de verificación:XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA 2/29


XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==

En data 2 de xaneiro de 2014 a Tesourería Municipal indica que existe consignación para este contrato na aplicación 32101.22799 do vixente Orzamento Municipal.

En consecuencia procede modificar as correspondentes cláusulas do prego de cláusulas administrativas particulares suprimindo a referencia da tramitación anticipada de gasto.

Por outra banda e ante a entrada en vigor da Lei 22/2013 de 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014 e á vista da disposición adicional octoxésima oitava – Desindexación respecto a índices xerais de contratos do sector público – procede suprimir na cláusula cuarta relativa ó Prezo a referencia ó índice de revisión de prezos, polo que non se aplicará índice algún como referencia para a revisión do contrato. Estarase neste punto ó disposto na lexislación vixente.

Cuarto.- A entrada en vigor o 31 de decembro de 2013 da Lei 27/2013 de racionalización e sostibilidade de Administración local supón unha modificación substancial do réxime competencial dos concellos xa que dá nova redacción ós artigos 25 e 26 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e suprime o artigo 28 relativo ás actividades complementarias establecendo un réxime transitorio para o traspaso de competencias en determinadas materias, como son os servizos sociais.

Non se refería nin o artigo 25 nin o 26 da LRBRL – na redacción anterior- ás competencias municipais en materia de educación infantil, tan só o artigo 25.2.n) se refería ás competencias para participar na programación da ensinanza pero en ningún apartado da Lei 7/1985 se refería expresamente á posibilidade de que os Concellos asumisen a xestión de escolas infantís, se ben isto non impediu que si se prestase este servizo xa que o artigo 25.1 da LRBRL establecía a posibilidade dos municipios de promover ***‘toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal’*** debendo concretarse o exercicio destas competencias na lexislación estatal ou autonómica.

A redacción actual do artigo 25 non permite esta amplitude de actividades e as competencias propias se deben exercer nos termos previstos na lexislación do Estado e Comunidades autónomas.

O artigo 27.3 da LRBRL – na redacción actual dada pola Lei 27/2013 – establece que se poderán delegar nos municipios a competencia para *‘a creación, mantemento e xestión das escolas infantís de educación de titularidade pública de primeiro ciclo de educación infantil’* polo que parece que os Concellos non poden seguir xestionando as escolas infantís municipais (0-3 anos).

Non obstante, e dado que a Disposición Transitoria Segunda da Lei 27/2013 establece un réxime transitorio para a asunción de competencias en materia de servizos sociais, é necesario determinar -se á vista da lexislación galega – as competencias en materia de educación infantil primeiro ciclo poden entenderse dentro do ámbito dos servizos sociais.

En data 30 de xaneiro de 2014 a pedagoga municipal do servizo de educación e maila concelleira de educación subscriben un informe no que, tras analizar a normativa autonómica existente, conclúen – aínda tendo dúbidas nesta cuestión -

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA 3/29
 XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==			

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 14x210090287

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-4-2014

que as escolas infantís municipais 0-3 anos son un servizo social comunitario específico e polo tanto encadrable ata agora dentro dos servizos sociais polo que sería aplicable a disposición transitoria segunda da Lei 27/2013 que establece un prazo para asumir por parte da Xunta de Galicia a titularidade das competencias en materia de servizos sociais ata o 31 de decembro de 2015

Á vista deste prazo límite – 31 de decembro de 2015 – é preciso modificar a cláusula terceira dos pregos de cláusulas administrativas referentes á ‘duración do contrato’ xa que en todo caso o contrato deberá rematar o 31 de decembro de 2015.

É importante así mesmo salientar que o servizo que se pretende contratar é unicamente o servizo de comida ós/ás nenos/nenas usuarias da Escola Infantil Serra de Outes así como para as traballadoras adscritas ó servizo. O mantemento da prestación do servizo de escola infantil en Serra de Outes obrigaría a ofrecer un servizo de comida, polo que en tanto se manteña este servizo debería manterse o servizo de comida.

Por outra banda, a día de hoxe non se ten recibido por parte da Xunta de Galicia aclaración oficial algunha sobre as dúbidas que suscita esta cuestión, isto é, a consideración das escolas infantís 0-3 anos como servizo social e en consecuencia sometida ó réxime transitorio previsto na Lei.

Esta circunstancia obriga a ser extremadamente prudentes e tendo en conta a posibilidade de que, con anterioridade ó vencemento da duración inicial do contrato ou das súas prórrogas, se asuma a xestión das escolas infantís por parte da Xunta, resulta necesario establecer unha cautela nos pregos de cláusulas administrativas, para que no caso de supresión deste servizo municipal de cociña nas escolas infantís motivadas pola aplicación da Lei 27/2013 e correspondente asunción desta competencia pola Xunta de Galicia ou pola decisión autonómica da supresión do servizo, a resolución deste contrato non supoña a asunción de responsabilidade por parte do Concello.

Inclúese neste informe proposta novo prego de cláusulas administrativas que recollen as consideracións realizadas anteriormente.

Quinto.- En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, á Xunta de Goberno Local correspóndelle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente (GMS); Ilma. Sra. DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación (GMS); Ilma. Sra. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde

Código Seguro de verificación:XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo		FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura			
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA	4/29


XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==

Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS), e o Ilmo. Sr. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá (GMS), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COCIÑA PARA A ESCOLA INFANTIL “SERRA DE OUTES” DO CONCELLO DE LUGO - 2014.

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán na licitación de referencia que, elaborados polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, a continuación e literalmente se transcriben:

a) **“PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COCIÑA PARA A ESCOLA INFANTIL “SERRA DE OUTES” DO CONCELLO DE LUGO - 2014**

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto do presente contrato a prestación dun servizo de cociña para a escola infantil municipal Serra de Outes, segundo as prescricións técnicas elaboradas pola técnica de educación do Concello.

O presente contrato contén a seguinte codificación:

CNAE 2009 56.29 outros servizos de comidas

CPV: 55321000-6 Servizos de preparación de comidas

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Trátase dun contrato de servizos, recollido e regulado no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e que ten por obxecto a prestación ó Concello dun servizo de cociña para a escola infantil Serra de Outes.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo		FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura			
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA	5/29



XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==

- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ostenta as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os efectos da mesma.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. DURACIÓN DO CONTRATO

A duración do contrato será de UN ANO contado a partires da data de formalización do contrato administrativo. O contrato poderá ser obxecto de prórroga por un período máximo ata o 31 de decembro de 2015

CUARTA. PREZO DO CONTRATO

1. O prezo do contrato para a primeira anualidade (prezo de licitación) é de 48.038,29 €, polo que sumado o 10 % de IVE (4.803,83 euros) resulta un presuposto total de 52.842,12 euros.

O prezo máximo do contrato establécese para unha previsión de 61 nenos/as de xeito que se o número de matriculados na escola fose inferior, o prezo veríase reducido proporcionalmente ao número de nenos/as na parte correspondente a gastos de alimentación. Asimesmo e en aplicación do artigo 61 do Convenio Colectivo de ámbito estatal de centros de asistencia e educación infantil, servirásese a comida ó persoal encargado do coidado e vixianza dos nenos/as durante as comidas (8 traballadoras)

Para o cálculo deste prezo de licitación tívose en conta os gastos de persoal para doce meses (auxiliar de cociña e cociñeiro) e os gastos de alimentación e hixiene para once mensualidades ademáis de tódolos gastos xerais que xera este servizo.

Cómpre indicar que o gasto estimado anual de alimentación para a escola infantil é de 11.500 euros. As empresas licitadoras deberán ter en conta esta cantidade á hora de realizar o desglose das súas ofertas sen posibilidade de minorala, sen prexuízo de que á hora de xustificar mensualmente os custos reais de alimentación, este custo sexa inferior debido a aforro de custos acadados pola empresa nas súas relacións comerciais cos provedores, pero reservándose o Concello, no uso da suas potestades de fiscalización e control, o dereito a esixir o cumprimento do gasto total contractualmente exisibile para así garantir unha alimentación equilibrada e de calidade.

O licitador deberá acompañar á súa oferta económica un desglose das partidas que compoñen a súa oferta (presuposto destinado a gastos de persoal con indicación do convenio salarial que aplican, gastos de materiais para hixiene e limpeza e gastos de alimentación)

Código Seguro de verificación:XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

Código Seguro de verificación:XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==, Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.				
FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo		FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura			
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA	6/29
 XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==				

2.- O valor estimado total do contrato (considerando o importe sen IVE para o primeiro ano e a parte proporcional ata o 31 de decembro de 2015) ascende á cantidade de 84.067 euros

3.- Faise constar a existencia de consignación orzamentaria na aplicación 32101.22799 do vixente Orzamento correspondente por importe de 52.842,12 euros.

De conformidade co artigo 174.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, o crédito correspondente á cobertura de obrigas que, de ser o caso, se devenguen no exercizo 2015 queda condicionado á adopción do compromiso de habilitación de crédito para os ditos orzamentos polo órgano competente.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.

O presente contrato adxudicarase polo procedemento **aberto** previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 55 e seguintes do TRLCSP

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as **unións de empresarios** que se constituán temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, e deberán indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, posuira a plena representación ante a administración, e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.

6.1.-A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo		FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura			
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA	7/29



XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 14x210090287

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-4-2014

oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercizos dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2 A solvencia técnica poderá ser xustificada por un ou varios dos medios seguintes:

a) Relación dos principais servizos ou traballos similares ós que son obxecto deste contrato realizados nos últimos tres anos que inclúa o importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeto privado, mediante un certificado expedido por éste, ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medís de estudo e investigación da empresa.

d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado no que esté establecido o empresario, sempre que medie acordo do devandito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose preciso, sobre os medios de estudo e investigación de que dispoña e sobre as medidas de control de calidade.

e) Titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

f) Nos casos axeitados, indicación das medidas de xestión medioambiental que o empresario poderá aplicar ó executar o contrato.

g) Declaración sobre a plantilla media anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

h) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se xuntará a documentación acreditativa pertinente.

i) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

Código Seguro de verificación:XRka0ztmxZ4D6whT/wZ2aA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo		FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura			
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6whT/wZ2aA==	PÁGINA	8/29


XRka0ztmxZ4D6whT/wZ2aA==

SÉTIMA. GARANTÍAS

De conformidade co artigo 103 do TRCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibese o requerimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgũa das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, esto é:

- En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es)

O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.

As empresas presentarán a súa proposición en DOUS sobres pechados, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, dirección, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, e letra B OFERTA ECONÓMICA.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos

Código Seguro de verificación:XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA 9/29
			
XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==			

dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso. Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativa nas proposicións por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA.

O sobre A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA - conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

-Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá realizar o bastanteo do poder para o que presentará documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

O dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado por funcionarios/as do servizo municipal de contratación do Concello habilitados ó efecto con anterioridade ó remate do prazo establecido para a presentación da documentación e ofertas. A taxa por este bastanteo ascende a **10,20 euros**

Para proceder ó pagamento da taxa deberán seguirse as *instruccións para pagamento de gastos derivados da participación nos procedementos de contratación* que están a disposición dos interesados no perfil do contratante da páxina web municipal

3.- **Declaración responsable** do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar asimesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Código Seguro de verificación:XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

Código Seguro de verificación:XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==, Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.				
FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo		FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura			
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA	10/29
 XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==				

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- Presentación da **alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.**

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto legislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste requisito deberá achegar unha declaración responsable conforme o modelo do ANEXO III deste prego de cláusulas administrativas.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflicta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO II) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.** A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da **solvencia económica e financeira** así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo		FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura			
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA	11/29



XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==

solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional agás nos casos que de conformidade cos artigos 62.2 e 74.2 do TRLCSP a xustificación da solvencia poda substituírse pola correspondente clasificación.

6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma sustancialmente análoga. Excepción deste requisito os casos de cotratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (art. 55 do TRLCSP)

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 146.4 DO TRLCSP, OS LICITADORES PODERÁN SUSTITUIR A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN RELACIONADA ANTERIORMENTE DENTRO DO SOBRE A UNICAMENTE POR UNHA DECLARACIÓN RESPONSABLE INDICANDO QUE CUMPRE TODAS AS CONDICIÓNS ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN CONFORME O MODELO DO ANEXO IV DESTES PREGOS
A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B dentro do sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición O sobre B, OFERTA ECONÓMICA E SUXEITA A CRITERIOS DE VALORACIÓN AUTOMÁTICOS contera o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Código Seguro de verificación:XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo		FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura			
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA	12/29
				
XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==				

Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a contratación do **SERVIZO DE COCIÑA PARA A ESCOLA INFANTIL "SERRA DE OUTES" DO CONCELLO DE LUGO - 2014**

b) Propón como **prezo do contrato** para a primeira anualidade a cantidade de euros mais un 10% de IVE (..... euros), do que resulta un importe total para a primeira anualidade de euros. (A cantidade consignarase en letra e número)

c) A realización de (indicar o número) **horas formativas totais anuais** para o persoal encargado da execución do contrato

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

O licitador deberá incluír neste SOBRE B

1.- O **desglose das partidas** que compoñen a súa oferta (presuposto destinado a gastos de persoal, de materiais para hixiene e limpeza, gastos de alimentación e outros)

2.- **Plan anual de formación** que identificará claramente as horas anuais ofertadas para cada traballador (cociñeiro/a e axudante de cociña) así como denominación ou materia do curso (que deberá ser necesariamente en materias relativas á seguridade alimentaria e nutrición e alimentación)

A falta de presentación dentro do sobre B desta documentación ou a será motivo de exclusión do procedemento.

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓNS.

De conformidade co previsto no artigo 295 LCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTE: Sra Concelleira delegada da área de economía e emprego.

VOCAIS:

- A Concelleira delegada de Educación.
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa.
- A titular da asesoría xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O xefe do servizo de contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto público de apertura dos sobres B celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA 13/29



hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Os criterios para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa serán os seguintes, os cales se sinalan por orde decrecente de importancia e ponderación:

1.- OFERTA ECONÓMICA (Ata 9 puntos)

Obterá a máxima puntuación neste apartado (9 puntos) a proposición que oferte o prezo máis económico, obterán 0 puntos as proposicións que oferten o prezo de licitación e as restantes avaliaranse proporcionalmente.

2.- FAVORECEMENTO DA FORMACIÓN DO PERSOAL ADSCRITO A ESTE CONTRATO (ata 1 punto)

Valorarase neste apartado o número de horas de formación anuais ó persoal adscrito a este contrato en materias adecuadas ós postos de traballo do persoal (entendendo por tales as relativas á seguridade alimentaria e nutrición e alimentación) e ata un máximo de 20 horas de formación anuais para cada traballador/a (2) , polo que o tope máximo puntuable ascende a 40 horas.

Deste xeito, puntuarase coa máxima puntuación (1 punto) as ofertas que presenten maior número de horas totais anuais de formación , tendo en conta o máximo de 20 horas anuais para cada traballador. Puntuaráse con 0 puntos os que non oferten horas de formación e as restantes de xeito proporcional.

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente máis vantaxosa segundo os criterios de negociación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que , dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De conformidade co artigo 146.4 do TRLCSP, o organo de contratación requirirá ó licitador seleccionado para que, con anterioridade á adopción da proposta de adxudicación e para o caso de que non se presentase a documentación administrativa dentro do sobre A, achegue a documentación

Código Seguro de verificación:XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo		FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura			
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA	14/29


XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==

acreditativa do cumprimento das condicións esixidas para ser adxudicatario do contrato.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar co Concello de Lugo será o de finalización do prazo de presentación das proposicións.

De non cumprimentarse axeitadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante

Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato

DÉCIMO CUARTA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que se é o caso houbera esixido.

Antes da formalización do contrato a empresa adxudicataria deberá achegar xustificante de aboamento dos gastos de anuncios e do importe dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. Os traballos executaranse con estricta suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato (Técnico competente da Concellería de educación do Concello), o cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP.

O responsable do contrato velará pola axeitada xestión contractual de modo que na súa execución non se dean situacións que poidan propiciar a existencia dunha cesión ilegal de traballadores. En concreto velará porque:

- O contratista achegue a súa propia dirección e xestión ao contrato e sexa responsable da organización do servizo

Código Seguro de verificación:XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==, Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.				
FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo		FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura			
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA	15/29
 XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==				

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 14x210090287

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-4-2014

- O contratista a través dos seus delegados se responsabilice de impartir ós traballadores adscritos a este contrato as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo e directrices de modo que o Concello de Lugo sexa alleo a estas relacións laborais

- O contratista canalice a través dos seus delegados as posibles incidencias de cara a prestar adecuadamente o servizo.

O responsable municipal do contrato deberá correxir inmediatamente calquera incidencia ou desviación na execución que poida supoñer infracción das anteditas regras propoñendo se é o caso o oportuno expediente sancionados ou de resolución do contrato.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 228 do TRLCSP

5.- O contratista achega a súa propia dirección e xestión ao contrato sendo responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolve a das prestacións e servizos realizados.

A empresa contratista asume a obriga de exercer de modo real, efectivo e continuo sobre o seu persoal encargado da execución do contrato o poder de dirección inherente a todo empresario e disporá dunha estrutura xerarquizada que se fará responsable de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios e directrices de realización de traballo.

A empresa contratista **designará un delegado** que se encargará da dirección e organización da actividade dos traballadores da empresa adscritos á execución deste contrato así como do control da vixianza do horario e xornada de traballo deles correspondéndolle á empresa a concesión de licenzas, vacacións, permisos e substitucións do persoal así como calquera outra manifestación das facultades do empregador sendo o Concello de Lugo de todo alleo a estas relacións laborais. En todo caso o servizo quedará sempre convenientemente cuberto.

Corresponde exclusivamente a este delegado relacionarse co responsable municipal do contrato a efectos de coordinación e seguemento do contrato. A través deste delegado canalizaranse as posibles incidencias que se detecten por parte do responsable municipal.

A empresa contratista velará porque os traballadores adscritos á execución do contrato desenvolvan a súa actividade sen extralimitarse das funcións delimitadas nos pregos e porque non se produzan situacións tendentes a producir unha cesión ilegal de traballadores. Neste senso darán cumprimento estrito ás instrucións e

Código Seguro de verificación:XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

Código Seguro de verificación:XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==, Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.				
FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo		FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura			
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA	16/29
 XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==				

ordres dadas polos responsables municipais para evitar esta situación dando lugar á comisión de infracción grave a súa desobediencia .
É responsabilidade da empresa facilitar aos seus traballadores tódolos medios materiais necesarios para levar a cabo o seu traballo.

DÉCIMO SEXTA. GASTOS

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, incluíndose anuncios de licitación e taxas (300 euros aproximadamente), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO SÉTIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as obrigas impostas nas disposicións vixentes en materia laboral en particular o pagamento dos salarios e cotizacións a que veña obrigado, así como a cumprir as obrigas en materia de seguridade social e de seguridade e Hixiene no traballo impostas nas disposicións vixentes.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertase un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presentar a acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levalos a cabo.

Código Seguro de verificación:XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo		FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura			
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA	17/29



XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento das obrigas sinalada nesta cláusula ou calquera outra que lle veña imposta polo carácter de empregador ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante. En calquera caso, o contratista indemnizará ó concello de Lugo por toda cantidade que se vira obrigada a pagar por incumprimento das obrigas establecidas nesta cláusula xa se impoña por resolución xudicial ou administrativa.

6.- Os efectos do establecido no artigo 223 as obrigas establecidas nesta cláusula teñen o carácter de **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento dará lugar a resolución do contrato. Para o cumprimento desta obriga a empresa contratista deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando sexa procedente, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social así como na Axencia Estatal da Administración Tributaria-que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato- no excusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Calquera incumprimento das obrigas sinaladas nesta cláusula que supoña un dano ou perxuízo ó Concello de Lugo deberá ser compensado polo contratista sen perxuízo da resolución do contrato.

DÉCIMO OITAVA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO. OBRIGA CONTRACTUAL ESENCIAL.

1.- O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente ó presente prego, ás condicións técnicas particulares e demais aspectos contractuais, así como o

Código Seguro de verificación:XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo		FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura			
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA	18/29


XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==

previsto na LCSP en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentárase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo. Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

O seguro de responsabilidade civil deberá cubrir unha contía mínima de 300.000 euros e deberá incluír a cobertura dos danos causados por produtos subministrados.

2.- En relación coa situación laboral dos traballadores da empresa que presta este servizo na actualidade, **nin o XI Convenio colectivo de ámbito estatal de centros de asistencia e educación infantil nin este prego de cláusulas administrativas impoñen a subrogación de traballadores.** En consecuencia o Concello de Lugo non impón a sucesión das relacións laborais dos traballadores que na actualidade veñen realizando este servizo polo que as empresas licitadoras estarán ao establecido na lexislación laboral.

En todo caso e a efectos meramente informativos facilítase no Anexo que se xunta a este prego a relación de traballadores da empresa que actualmente presta o servizo.

O contratista deberá ter **permanentemente informado ó responsable do contrato de calquera variación dos contratos laborais** do persoal que estea adscrito a este contrato debendo contar con autorización expresa para a realización de novas contratacións laborais, calquera que fose o motivo, ou modificación das condicións laborais dos traballadores. Esta obriga terá carácter de **obriga contractual esencial** cuxo incumprimento dará lugar á resolución do contrato.

O contratista en ningún caso poderá repercutir ó Concello de Lugo incremento de custo algún derivado da negociación colectiva, xa sexa incrementos retributivos ou ben outras ventaxas sociolaborais con repercusión económica máis aló dos incrementos da revisión de prezos establecidos nestes pregos.

Tampouco poderán repercutirse ó Concello os incrementos do cadro de persoal agás que estas sexan consecuencias de modificación do contrato derivada do exercizo de prerrogativas do Concello de Lugo.

Se no momento de extinguirse o contrato por calquera motivo, os custos de persoal que estea soportando o contratista por calquera concepto fosen superiores ós que resultarían no caso de aplicar estrictamente o sistema de revisión de prezos, ou os que procedería en caso de autorización expresa, o Concello de Lugo poderá esixir ó contratista unha indemnización equivalente á diferenza entre os custos de persoal que efectivamente vén soportando e que debería o Concello trasladar a un novo contratista no caso de producirse subrogación empresarial, e a cantidade que correspondería ós custos de persoal previstos na contratación inicial coas súas correspondentes revisións de prezos e as ampliacións de persoal ou variacións derivadas de modificacións contractuais acordadas polo órgano de contratación

Código Seguro de verificación:XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA 19/29
			
XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==			

O Concello de Lugo non intervirá baixo ningún concepto nas relacións laborais ou de calquera índole que poidan existir entre a empresa contratista e o seu persoal. Ó finalizar o contrato calquera que sexa a súa causa e se proceda ou non a unha nova adxudicación do servizo, o Concello de Lugo non se subrogará en ningún caso nas relacións de emprego cos/as traballadores/as do contratista sainte que viñeran prestando este servizo.

O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sxiilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña, para outras finalidades que o obxecto da contratación.

DÉCIMO NOVENA. PAGAMENTO.

O pagamento efectuarase contra factura en once mensualidades, unha vez efectuados os controis regulamentarios e conformada polo técnico/a competente da Concellería de Educación, a Concelleira delegada de educación e maila Concelleira delegada da área de economía, emprendemento, autónomos e educación.

Dado que o servizo se presta once meses (xeralmente o mes de agosto a escola infantil está pechada) non se presentará factura algunha o mes que non se preste o servizo. Deste xeito o prezo anual ofertado prorratearase en once mensualidades.

As facturas deberán ser comprobadas e conformadas polo/a responsable do contrato, o/a Concelleiro/a de Educacion, Formacion e Orientación Laboral e maila Concelleiro/a delegado/a da área de economía, emprendemento, autónomos e educación.

As facturas serán presentadas no Rexistro Municipal do Concello de Lugo no prazo máximo de trinta días dende a prestación do servizo.

Con cada factura achegarase a relación de nenos/as matriculados e atendidos o mes correspondente así como facturas correspondentes ó gasto en alimentación, produtos de hixiene e limpeza así como calquera documentación que se requira polo responsable para comprobación da adecuación dos produtos adquiridos.

Xuntarase periódicamente xunto coas correspondentes facturas a xustificación do cumprimento do Plan de Formación Anual ofertado.

O órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública é o órgano de xestión económico- financeiro do Concello de Lugo é a Tesourería Municipal.

VIXÉSIMA. RÉXIME SANCIONADOR

O Concello poderá esixir responsabilidade ó contratista pola infracción dos seus deberes con independencia do procedente respecto á extinción do contrato.

As infraccións se clasifican en leves, graves e moi graves.

Faltas Leves:

- Retraso ou descuido leve no cumprimento das obrigas.
- Desobediencia leve das ordes que emanan da dirección do servizo que se dicten para a eficaz e normal prestación do mesmo.
- En xeral, a falta de puntualidade ou o incumprimento dos seus deberes por negligencia ou descuido excusable.

Código Seguro de verificación:XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo		FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura			
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA	20/29


XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==

d) Tódalas demais infraccións que non sexan graves ou moi graves.

Faltas graves:

- a) O trato incorrecto dos empregados da empresa cos empregados municipais e cos usuarios da escola infantil.
- b) Desobediencia grave ás ordes que emanen dos técnicos municipais responsables do contrato e que se dicten para a eficaz e normal prestación do servizo en particular a desobediencia das ordes tendentes a evitar unha situación de cesión ilegal de traballadores
- c) En xeral, o incumprimento grave dos deberes e obrigas cos usuarios e a comisión de tres faltas leves no transcurso de un ano.
- d) Non gardar o debido segredo profesional respecto dos asuntos que se coñezan en razón do servizo prestado e que perxudique ós usuarios da escola infantil.

Faltas moi graves:

- a) O abandono do servizo, as faltas repetidas de puntualidade, a negligencia ou descuido continuado.
- b) A notoria falla de rendemento, a prestación incorrecta e defectuosa do servizo, tanto no relativo á subministración dos produtos de alimentación precisos para o servizo como na elaboración dos menús para os usuarios da escola..
- c) A negativa infundada a realizar os servizos ou tarefas ordenados por escrito polos responsables municipais, sempre que esta sexa unha actitude directamente imputable á empresa ou ós seus directivos responsables.
- d) Cualquera conducta constitutiva de delito, especialmente as coaccions e roubo nas intalacións municipais.
- e) As ofensas verbais ou físicas ou o trato vexatorio ós usuarios.

As sancións que se poderán impoñer ó contratista como resultado do expediente sancionador instruído a tal efecto serán as seguintes:

- a) No caso de faltas leves; multa ata 300 euros
- b) No caso de faltas graves; multa de 301 a 900 euros.
- c) No caso de faltas moi graves; multa de 901 a 1800 euros.

A imposición de sancions requirirá a tramitación do oportuno expediente sancionador. No dito procedemento darase audiencia ó contratista, practicarase a información e proba necesaria para a xustificación dos feitos e observaranse as garantías xurídico-administrativas prescritas pola Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no que resulte aplicable.

A resolución do expediente será competencia do órgano de contratación.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 223 e 308, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións de execución establecidas no prego de prescricións técnicas, do prego de cláusulas administrativas ou das ofertadas pola empresa.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo		FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura			
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA	21/29



XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224 e 225 do TRLCSP.

Os efectos do artigo 223.f) do TRLCSP consideranse **obrigas contractuais esenciais** cuio incumprimento dará lugar á resolución do contrato as sinaladas na cláusula décimo sétima e décimo oitava destes pregos.

Dará igualmente lugar á resolución do contrato a decisión da Xunta de Galicia, á vista da Lei 17/2013 de racionalización e sostenibilidade de Administración local, de asumir a xestión de escolas infantís Serra de Outes ou ben a decisión de suprimir a prestación deste servizo. Esta circunstancia non suporá responsabilidade algunha para o Concello de Lugo nin a obriga de indemnizar á empresa contratista.

Asimesmo tamén dará lugar á resolución do contrato a comisión dalgunha das **faltas graves ou moi graves** que se sinalan na cláusula vixésima deste prego.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen perxuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e perxuízos causados no que exceda do importe da garantía definitiva.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no dito artigo, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

A N E X O

DATOS:

EMPRESA:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX.:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º ☐ CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

* XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.

2º ☐ COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO

* Xuntar a acta de Constitución.

3º ☐ TRABALLADOR DESIGNADO

Nome e Apelidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

D.N.I.:

FIRMA:

DATA:

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REGISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA 23/29



Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COCIÑA PARA A ESCOLA INFANTIL “SERRA DE OUTES” DO CONCELLO DE LUGO. 2014 declaro baixo a miña responsabilidade:**

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1.
2.
3.

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data, mantendose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro

2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En, a de de 2013

Asdo:

ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores)

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COCIÑA PARA A ESCOLA INFANTIL “SERRA DE OUTES” DO CONCELLO DE LUGO. 2014 declaro baixo a miña responsabilidade:**

Que o asintante desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Código Seguro de verificación:XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

Código Seguro de verificación:XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==, Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.				
FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo		FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura			
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA	24/29
 XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==				

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

Asimismo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interés dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 dexuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó organo de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de.....
(Lugar, data e sinatura do licitador)

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO DE LUGO

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COCIÑA PARA A ESCOLA INFANTIL "SERRA DE OUTES" DO CONCELLO DE LUGO. 2014 declaro baixo a miña responsabilidade:**

Que o asintante desta declaración así como a compañía mercantil á que represento reúne tódolos requisitos legalmente establecidos para poder contratar co Concello de Lugo as obras de referencia, en particular os requisitos de capacidade e solvencia económica e técnica esixibles na Lei e no prego de cláusulas administrativas para poder ser adxudicatario do contrato de referencia.

Que o asintante desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Código Seguro de verificación:XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA 25/29
 XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==			

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Asimismo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interés dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 dexuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsedade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó organo de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

..... de..... de.....
(Lugar, data e sinatura do licitador)

ANEXO MERAMENTE INFORMATIVO DE TRABALLADORES DA EMPRESA ACTUALMENTE CONTRATISTA

	Antigüidade	Xornada	Salario bruto 2013
Persoal cociña Grupo IV	01/02/2006	Completa	15.577,56
Persoal cociña Grupo IV	23/09/2010	completa	15.125,84

b) "PREGO TÉCNICO RELATIVO Á NECESIDADE DE CONTRATAR O SERVIZO DE COCIÑA DA ESCOLA INFANTIL SERRA DE OUTES DE ENTIDADE MUNICIPAL

1. INTRODUCCIÓN

A **escola infantil municipal Serra de Outes** ofrece dende os seus inicios, o servizo de cociña e comedor a disposición dos usuarios da escola, neste caso aos nenos/as de 3 meses a 3 anos así como do persoal encargado destes.

Código Seguro de verificación:XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA 26/29


XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==

O vindeiro 25 de febreiro do 2014, remata o contrato coa empresa que neste momento ten adxudicado o servizo, polo que recolleamos aquí as necesidades que cubre este servizo.

O servizo de comedor e cociña desta escola ten que responder á necesidade da elaboración dos menús adaptados a estes nenos e nenas así como o de contratar ao persoal especializado que os elabore.

Tamén a empresa adxudicataria terá que servir os alimentos necesarios para elaborar o almorzo o xantar e a merenda dos nenos e nenas matriculados nesta escola e do persoal a quen a dirección encomende o coidado destes nenos/as neses momentos.

1.2. Obxectivos do servizo de cociña e comedor da escola infantil

A escola infantil ten unha matrícula de 61 nenos/as. Dentro dos obxectivos dunha escola infantil destes niveis evolutivos, está a de cubrir os servizos da atención educativa aos nenos/as e a súa alimentación. Na escola elabóranse os menús adaptados a estas idades tendo en conta as necesidades nutricionais de cada etapa evolutiva do neno/a.

O servizo de cociña da escola ten que apoiar e elaborar os tres tipos de menús dacordo coas necesidades alimenticias dos nenos/as de 3 meses a 3 anos:

- Preparación de biberóns e papillas a base de leite e cereais
- Elaboración de purés de verduras variadas con carne, peixe ou ovo. Purés de froitas variadas con ou sin cereais.
- Elaboración de menús diarios variados: sopas, guisos, fritos e cocinados de carnes, peixes, pastas que cunha dieta equilibrada, sin aditivos e preferentemente frescos e adaptada a nenos/as que comezan a tomar alimentos sólidos por primeira vez.
- Non se trata só de cubrir unha necesidade nutricional sino tamén lograr que os alimentos estén correctamente preparados para que resulten ricos a paladares que se están a educar, cunha alimentación correcta.

2. NECEDIDADES DUN SERVIZO DE COCIÑA NUNHA ESCOLA INFANTIL (0-3 ANOS)

2.1. O servizo consiste en facilitar e servir á escola infantil os alimentos seleccionados para elaborar os menús que plantexará o persoal municipal destinado para cubrir estas funcións. A adquisición dos alimentos comprenderá todas as xestións precisas coas empresas distribuidoras destes.

2.2. Dende este servizo de cociña haberá que elaborar os menús adaptados as idades dos nenos/as durante os almorzos, xantares e merendas, así como a preparación, servizo e retirada das mesas do comedor.

En ningún caso e adaptable a este servizo unha proposta de catering.

2.3. No servizo incluírase tamén a limpeza completa das dependencias da cociña e do comedor da escola municipal. Este servizo deberá encargarse da adquisición dos produtos precisos.

2.4. O servizo realizarase de luns a venres, 11 meses ao ano, no horario de 7,45 a 17:30 h.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA 27/29
			
XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==			

2.5. O servizo o prestarán persoal que presente as garantías de carácter hixienico-sanitarias para a realización das súas funcións, previstas na lexislación vixente, como neste caso queda recollido coa posesión do carnet de manipulación de alimentos expedido pola Consellería de Sanidade.

A empresa contratista dotará ó persoal adscrito a este contrato de roupa adaptada ao seu traballo: cofias, uniformes de cor branco, mandís e calzado adecuado.

Considérase oportuno que o servizo de cociña e comedor o presten dúas persoas, un/unha cociñeiro ou cociñeira e un/unha axudante de cociña, para adecuar o servizo as necesidades reais da escola.

2.6. A empresa adxudicataria do servizo terá que traballar cós criterios e coa dirección que marque o persoal municipal encargado da escola infantil.

- Para a adquisición dos alimentos, a empresa adxudicataria realizará unha proposta con diferentes alternativas, de entre as cales, o responsable municipal elixirá a mais axeitada.

- De igual xeito, a elección e elaboración dos menús realizarase en todo caso baixo a dirección e supervisión da persoa responsable designada polo Concello.

3. DURACIÓN

O prazo de duración do presente contrato fíxase en dous anos. Este contrato poderá ser obxecto de prórroga, por períodos máximos anuais de ata un máximo de catro anos en total, por mutuo acordo das partes, formalizada de forma expresa con anterioridade ao final do prazo de vixencia.

4. COMENZO DA PRESTACIÓN

A empresa que resulte adxudicataria deberá comezar a prestar os servizos concertados a partir da data de formalización do contrato administrativo.

5. DETERMINACIÓN DE PREZO

O prezo máximo do contrato é de **52.842,12 € anuais** (IVE incluído) según informe que se xunta do Servizo de Intervención, onde tamén se recolle que "as empresas que se presenten deberían desglosar na oferta o coste de persoal, indicando o convenio salarial que aplican, así como o importe correspondiente os gastos de alimentación e de produtos de limpeza".

6. REVISIÓN DE PREZOS

No suposto de prórroga, o adxudicatario terá dereito á revisión de prezo do contrato de acordo co IPC.

7. PAGAMENTO

O pago realizarase contra entrega de facturas mensuais, unha vez efectuados os controis regulamentarios e conformados pola/o técnico/a de Educación, a/o Concelleira/o de Educación e o/a Concelleira/o de Economía e Emprego.

Estas facturas deberán especificar as horas realizadas polo persoal que realizou a actividade, os alimentos servidos a escola durante o mes facturado. Tamén xuntaranse os tickets de compra dos distribuidores que serviron esos alimentos."

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo		FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura			
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA	28/29


XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 52.842,12 euros con cargo á aplicación 32101.22799 do vixente Orzamento xeral de 2014 (RC 201400001310, C.P. 143210101) e comprometerse a habilitar crédito presupostario nas contías necesarias para a execución do contrato para o exercicio 2015 para o caso de prórroga.

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde, don José Clemente López Orozco, coa súa sinatura e a da Ilma. Sra. Dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Secretaria da Xunta de Goberno Local.

Código Seguro de verificación:XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==	PÁGINA 29/29
 XRka0ztmxZ4D6wht/wZ2aA==			